

Redimensionar imaxes con Thunar en Xfce

Para redimensionar e comprimir imaxes por lotes existen múltiples alternativas, pero obviamente o interesante é unha solución rápida, sinxela, efectiva, que consuma poucos recursos e que ademais non precise de conexión a internet. Na contorna de escritorio XFCE, a mellor opción para redimensionar e comprimir imaxes é usar as accións personalizadas de Thunar.

Nota: Os usuarios do xestor de arquivos Nautilus dispoñen dun plugin interesante para redimensionar e comprimir imaxes. Este Plugin chámase **Nautilus image converter** e para instalalo tan só teñen que abrir unha terminal e teclear o comando `sudo apt-get install nautilus-image-converter`

Instalación do software necesario

Necesitamos dispoñer do xestor de arquivos Thunar. Todo usuario da contorna Xfce dispón do xestor de arquivos Thunar instalado de forma predeterminada. No caso que non o tivesen instalado terían que abrir unha terminal e executar o seguinte comando:

```
sudo apt-get install thunar
```

Unha vez dispoñemos de Thunar temos que instalar os paquetes imagemagick e zenity para que podamos executar a acción personalizada que nos permitirá redimensionar e comprimir as imaxes. Para iso nunha terminal executamos o seguinte comando:

```
sudo apt-get install imagemagick zenity
```

No cosao da maqueta corporativa, non temos que realizar este proceso por xa ten o thunar e o imagemagick

Script para redimensionar

Para crear o script que nos permitirá conseguir o noso obxectivo temos que seguir uns pasos moi simples.

Primeiro xeraremos o cartafol custom_Actions que será a que almacenará o noso script. Para iso na terminal tecleamos e executamos o seguinte comando:

Podemos seleccionar o texto e co botón do medio do rato pegalo no terminal

```
mkdir ~/.config/Thunar/custom_Actions
```

Seguidamente creamos o arquivo de texto que conterá o código do script. Para iso executamos o seguinte comando na terminal:

```
touch ~/.config/Thunar/custom_Actions/resize_image
```

Unha vez creado o arquivo abrímoloo con calquera editor de texto. No meu caso como uso o editor de textos mousepad abro o arquivo executando o seguinte comando na terminal:

mousepad ~/.config/Thunar/custom_Actions/resize_image

Unha vez aberto o arquivo temos pegar o código que nos permitirá redimensionar e comprimir as imaxes. O código para pegar é o [seguinte](#):

Unha vez copiado o código gardamos os cambios e pechamos o ficheiro.

Finalmente tan só temos que facer executable o script que acabamos de crear. Para iso executamos o seguinte comando na terminal.


chmod +x ~/.config/Thunar/custom_Actions/resize_image

Crear accións personalizadas


CREAR UNHA ACCIÓN PERSONALIZADA PARA REDIMENSIONAR E COMPRIMIR IMAXES

O seguinte paso é crear unha acción personalizada que nos permita executar o script que acabamos de crear. Para iso temos que seguir os seguintes pasos.

Abrimos Thunar, unha vez aberto Thunar, tal e como se pode ver na captura de pantalla, imos ao menú **Editar** e seguidamente clicamos encima do submenú **Configurar accións personalizadas**




A continuación, tal e como se pode ver na captura de pantalla, hai que presionar o botón + para poder engadir a acción personalizada.



Despois de presionar o botón + aparecerá a xanela na que temos que configurar a acción personalizada.

Para encher os campos desta xanela, tal e como se pode ver na anterior captura de pantalla, temos que proceder da seguinte forma:



Campo Nome: Introducir o nome que nos sairá unha vez dámoslle ao botón dereito do rato para poder aplicar a acción personalizada que acabamos de crear. Por exemplo: Redimensionar imaxes

Campo Descrición: Introducir unha descrición do que fará a nosa acción personalizada. No meu caso a descrición que lle dou á miña acción personalizada é a seguinte: Redimensionar imaxes


Campo Orde: Introducir a ruta do script que queremos executar seguido de %N.

`./config/Thunar/custom_Actions/resize_image %N`

Nota: A ruta do script ten que finalizar con %N para que podamos executar o script en múltiples imaxes de forma simultánea.

Campo Icona: Se queremos podemos clicar encima do botón Sen icona. Seguidamente abrírase unha xanela na que a que poderemos seleccionar a icona que queremos que teña a nosa acción personalizada.

Unha vez cumprimentados todos os campos, tal e como se pode ver na captura de pantalla, clicamos encima da pestana **Condicións de aparencia**.




Finalmente, tal e como se pode ver na captura de pantalla, desmarcamos a opción Archivos de texto, marcamos a opción Archivos de imaxe e presionamos o botón Aceptar.


A estas alturas xa finalizamos todo o proceso de configuración e podemos empezar coa acción.

Redimensionando imaxes

Para redimensionar a fotografías á calidade desexada, tal e como se pode ver na captura de pantalla, témolas que seleccionar e presionar o botón dereito do rato. Unha vez apareza o menú contextual clicamos encima da opción Redimensionar imaxes



Seguidamente, tal e como se pode ver na captura de pantalla, aparecerá unha xanela na que deberemos seleccionar a resolución ou tamaño que queremos teñan as fotos, seleccionamos o tamaño que nos interese para o lote de fotos.




Nota: Se queredes entrar un tamaño que non está especificado de forma predeterminada temos que seleccionar a opción Outro tamaño. Despois de seleccionar esta opción aparecerá unha xanela na que temos entrar a tamaño/resolución que necesitamos de forma manual e presionar o botón Aceptar.

A continuación aparecerá a xanela na que debemos indicar un valor entre o 0 e o 100 para indicar o nivel de compresión que queremos que teñan as nosas fotos. Podemos deixa o que ten por defecto.



Nota: Canto máis alto sexa o número que elixamos a fotografías veranse mellor, pero o seu tamaño en disco tamén será superior.

Despois de presionar o botón Aceptar iniciárase o proceso para redimensionar e comprimir as imaxes. Unha vez finalizado, tal e como se pode ver na captura de pantalla, aparecerá un cartafol novo con nome Images Resized que conterá a totalidade de fotos que foron procesadas.



Finalmente, tal e como se pode ver na captura de pantalla, se accedemos ao cartafol Images Resized podemos ver que as fotos se han redimensionado e comprimido tal e como queriamos.

